



(F_TOD_10)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS,
CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓNS SITUADAS EN
TERREO DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA
E AMBULANTES E DE RODAXE CINEMATOGRÁFICA

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
29/11/2004	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	278	01/01/2005
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
17/10/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA _____	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE _____	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS _____	3
ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA _____	3
ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN _____	4
ARTIGO -6- DEVINDICACIÓN E PAGAMENTO _____	4
A. DEVINDICACIÓN _____	4
B. INSTRUMENTOS DE COBRO _____	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL _____	5
DISPOSICIÓN FINAL _____	5

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 57 e 20.3 letra n) do R.D. lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo (TRHL) e de conformidade co que se dispón nos artigos 15 a 19 do citado texto legal o Concello de Monforte establece a taxa pola instalación de postos , barracas , casetas de venda , espectáculos e atraccións situados en terreo de uso público e industrias e de rúa e ambulantes e de rodaxe cinematográfica que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local que beneficia de modo particular aos suxeitos pasivos e que se produce pola instalación de paradas, postos, casetas de venda, espectáculos e atraccións situados en terreo de uso público e industrias de rúa e ambulantes e de rodaxe cinematográfica.

ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas ou entidades a que se refire o artigo 35 .4 da Lei Xeral Tributaria a favor das que se outorguen as concesións ou autorizacións ou as que se beneficien do aproveitamento, si se procedeu sen o oportuno outorgamento.

ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a que figure na seguinte tarifa:

A) EN VERÁN (DENDE O 1 XUÑO Ó 30 DE SETEMBRO)		TARIFAS (€/m ²)	
		Diario	Anual
1	Licenzas para ocupacións de terreos destinados a tómbolas, rifas, vendas rápidas e similares, por m ² ou fracción e pagarán en función da súa situación e das demais características do negocio	De 3,20 € A 18,95 €	63,76 €
2	Licenzas para ocupación de terreos dedicados a randeeiras, aparatos voadores, casetas de tiro, carruaxes, xogos de cabaliños, coches de choque e en xeral calquera clase de aparatos de movemento, por m ² ou fracción, en función da súa situación e das demais características do negocio	De 3,20 € A 18,95 €	63,76 €
3	Licenzas para a ocupación de terreos destinados a teatros, circos e en xeral a calquera clase de espectáculos, segundo a situación e das demais características do negocio	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €
4	Licenza para ocupación de terreos destinados a instalación de restaurantes, bares, bodegóns e similares, segundo a súa situación	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €
5	Licenzas para ocupación de terreo con camións ou vehículos para a venda de bocadillos, hamburguesas, chocolates, refrescos, bebidas, froitas, etc., segundo a súa situación e as demais características do negocio.	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €
6	Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de chocolaterías, masa frita, patacas fritas, xeados e algodón en doce, segundo situación	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €
7	Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de postos para a venda de turróns, rosquiñas, doces, froitos secos, froitas, hortalizas, queixos, ovos e calquera outro produto comestible, segundo a súa situación e as demais características do negocio	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €
8	Licenzas para ocupación de terreos destinados á instalación de casetas ou de postos para a venda de xoguetes, cerámicas, quincalla e calquera outro produto ou artigo non comestibles, segundo a situación do negocio e das demais características do mesmo	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €

9	Fotógrafos, debuxantes e caricaturistas	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €
10	Licenzas para a venda ambulante ó brazo de globos, bastóns, barquillos e calquera outra clase de artigos	De 3,20 € A 18,39 €	63,76 €
11	Licenzas para a ocupación de terreos destinados a taquillas para a venda de entradas das instalación de aparatos, espectáculos, teatros, circos, semore que se atopan fóra da superficie adxudicada	0,10 €	63,76 €
12	Licenzas para a instalación de aparatos automáticos accionados por moedas, para entretemento, recreo ou venda	0,10 €	63,76 €
13	Licenzas para ocupacións de terreos con postos para a venda de libros, revistas, etc.	0,10 €	63,76 €
14	Pola ocupación da vía pública ou de terreos de uso público para a rodaxe de películas	0,10 €	63,76 €

A) EN VERÁN (DENDE O 1 XUÑO Ó 30 DE SETEMBRO)

DESCRIPCIÓN

TARIFAS (€/m²)

Diario Anual

Tódolos números anteriores, ou sexa, do 1 ó 14 ámbolos dous incluídos	0,10 €	63,76 €
---	--------	---------

COTA MÍNIMA

As cotas tributarias resultantes de aplicar as tarifas suliñadas nos anteriores apartados deste ARTIGO non poderán ser inferiores a 6,00 €.

ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN

1. As cantidades esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles polo período de tempo autorizado.
2. As localizacións, instalacións, postos, etc., poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto do prezo público mínimo que servirá de base será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.
3. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar previamente a correspondente licenza, realiza-lo depósito previo e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar así como a superficie que se vai ocupar.
4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña aboado e obtido polos interesados a correspondente licenza.
5. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación das licencias, sen prexuízo das contías que corresponda aboar ós interesados.

ARTIGO -6- DEVINDICACIÓN E PAGAMENTO

A. DEVINDICACIÓN

- A.1. Tratándose de concesión ou autorización de aproveitamentos xa autorizados ou prorrogados, o primeiro día de cada exercicio económico.
- A.2. Tratándose de concesións o autorizacións de novo aproveitamento, cando se presente a solicitude de ocupación que non se tramitará sen que se efectuase o pago correspondente.
- A.3. Caso de realizarse o aproveitamento sen a correspondente concesión ou autorización, no momento do inicio de dito aproveitamento.

B. INSTRUMENTOS DE COBRO

- B.1. Para os supostos previstos no apartado A.1) o cobro tramitarase mediante recibos de devindicación periódica e notificación colectiva, agás no suposto de altas e baixas nas que se emitirá a correspondente liquidación.

- B.2 Para os supostos previstos no apartado A.2) mediante autoliquidación no momento da presentación da solicitude.
- B.3. Para os supostos previstos no apartado A.3) anterior emitirase a correspondente liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais , entenderanse automaticamente modificados e ou substituídos , no momento en que se produza a modificación dos mesmos .

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 29 de novembro de 2004 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 278 sen que se produciran reclamacións, entrará en vigor o día un de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm.291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca